



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E  
XUSTIZA E A ASOCIACIÓN DE AXUDA AO ENFERMO MENTAL “A  
MARIÑA” PARA A POSTA EN MARCHA DUNHA VIVENDA TUTELADA  
PARA MULLERES CON ENFERMIDADE MENTAL QUE SOFREN  
VIOLENCIA DE XÉNERO.**

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018

**REUNIDAS**

 Dunha banda, Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia"

 Doutra parte, a entidade Asociación de axuda ao enfermo mental “A Mariña” (CIF G27262799) representada por María José Novoa Rodríguez con NIF 76624264V que actúa en nome e representación da entidade, en virtude da súa condición de directora técnica xeral.

Ambas as dúas partes se recoñecen mutua capacidade para obrigarse e conveniar

**MANIFESTAN**

**PRIMEIRO.**

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro.

**SEGUNDO.**

Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero



### TERCEIRO

Que a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

### CUARTO.

Que o Parlamento Europeo na súa resolución de 1997 (DOC 304 DE 06.10.1997) chama a atención das institucións europeas sobre a “necesidade de realizar accións europeas de tolerancia cero respecto da violencia contra as mulleres”. Ditas accións inscribíense no marco do seguimento da Plataforma de Pekín de 1995, da vontade da Comisión Europea de integrar a dimensión “xénero” en todas as súas políticas e particularmente no marco dos seus programas específicos, e máis especificamente aos agresores reais ou potenciais, aos nenos e nenas testemuñas da violencia familiar e ás mulleres vítimas de violencia, favorecendo a cooperación entre os distintos axentes, como os servizos públicos e as ONGs, así como a participación activa da sociedade civil.

### QUINTO.

Que no artigo 48 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero regúlase a Rede galega de acollemento indicando que os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero e que garantirán un tratamento integral de atención e/ou de recuperación, que abranza aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos e favoreza a normalización da situación persoal das mulleres, da súa unidade familiar e a superación dos efectos da violencia.

### SEXTO

Que o 15 de novembro de 2016, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade, unha Proposición non de lei pola que se instaba ao Goberno a promover a subscripción dun Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero, polo Goberno da Nación, as Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía e a Federación Española de Municipios e Provincias, que siga impulsando políticas para a erradicación da violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado. A Proposición non de lei establecía a creación, no seo da Comisión de Igualdade do Congreso, dunha Subcomisión que tiña como obxectivo elaborar un informe no que se identificaran e analizaran os problemas que impiden avanzar na erradicación das



diferentes formas de violencia de xénero, e no que se incluíran un conxunto de propostas de actuación, entre elas as principais reformas que deben acometerse para dar cumprimento efectivo a ese fin, así como ás recomendacións dos organismos internacionais. O Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, aprobou o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

Pola súa parte, a Comisión de Igualdade do Senado decidiu, o 21 de decembro de 2016, a creación dunha Ponencia que estudase e avaliasse, en materia de Violencia de xénero, os aspectos de prevención, protección e reparación das vítimas, analizase a estratexia para alcanzar e implementar un Pacto de Estado contra a Violencia de xénero e examinase a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro. O 13 de setembro de 2017, o Pleno do Senado aprobou, por unanimidade, o Informe da Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero.

Ambos informes conteñen un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e para mellorar na resposta que, desde as Institucións, se proporciona ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos menores.

#### SÉTIMO:

Que a medida 176 do Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero recolle a mellora progresiva da adaptación dos recursos de apoio e atención, como as casas de acollida, para recibir a calquera muller, independentemente da súa diversidade funcional/discapacidade.

Polas súa banda, o Informe da Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero aprobada no Senado establece na súa medida 77 a necesidade de asegurar recursos habitacionais suficientes e dignos para as mulleres vítimas, a través da rede de casas e acollida, impulsando o seu acceso a vivendas sociais a aquelas solucións que adopten as CCAA.

#### OITAVO

Que a Asociación de axuda ao enfermo mental “A Mariña” ten entre os seus obxectivos os de prestar asistencia continuada ás persoas con enfermidade mental persistente para lograr a súa rehabilitación social, así como apoio ás súas familias ,na área de A Mariña. Conta cunha longa experiencia na xestión de dispositivos de apoio e programas terapéuticos, sendo a única asociación destas características na Mariña lucense.

Ademais, e na súa condición de entidade prestadora de servizos sociais, é titular dunha vivenda preparada e autorizada para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero con enfermidade mental, e comprende os requisitos establecidos na orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.



## **NOVENO.**

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas de violencia de xénero e para as e os menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero, e aos homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar unha atención personalizada e especializada a través de profesionais con formación específica que, de xeito gratuíto, realizarán un diagnóstico da situación e a terapia máis axeitada a cada caso.

Así pois, de conformidade co establecido nas citadas disposicións, ámbalas dúas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración o cal se rexerá polas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia e Administracións Públicas, a través da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, e a Asociación de axuda ao enfermo mental “A Mariña”, para posta en marcha dunha vivenda tutelada para mulleres con enfermidade mental que sofren violencia de xénero que ten como finalidade proporcionar apoio, aloxamento, manutención e atención integral ás mulleres con enfermidade mental, vítimas de violencia de xénero e as súas fillas e fillos, garantíndolle un espazo de protección e recuperación.

O carácter singular do presente convenio, vén determinado por razóns de interese público, social e humanitario. Cómpre sinalar que na nosa Comunidade Autónoma, non existe ningún recurso de acollida específico para mulleres con enfermidade mental e que sofren violencia e xénero, o que provoca que en numerosas ocasións se vexan privadas do seu dereito á asistencia social integral que lles garante a Lei. O evidente interese social e humanitario da labor desenvolvida por esta entidade, leva á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, a establecer a presente liña de colaboración.

### **SEGUNDA. CONTIDO E PERSOAS BENEFICIARIAS**

A Asociación de axuda ao enfermo mental “A Mariña” comprométese a manter a vivenda en funcionamento e prestar o servizo integral, de atención, emerxencia, apoio, acollida e de recuperación ás mulleres con enfermidade mental vítimas de violencia de



xénero, dándolles aloxamento de forma temporal ás mulleres e as súas fillas e fillos menores que esixe a Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

### TERCEIRA. ORZAMENTO

Para a realización das actividades descritas no presente convenio a Secretaría Xeral da Igualdade achegará a cantidade de 30.000 € (trinta mil euros). Esta cantidade librarase con cargo á aplicación orzamentaria 05.11.313D.481.0 (código de proxecto 2012 00931), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 2018 para os gastos correntes efectivamente realizados no exercicio 2018 derivados da posta en marcha e do funcionamento e mantemento do centro, podéndose imputar gastos de asistencia social, psicolóxica e/ou xurídica dirixidos ao tratamento e atención das mulleres acollidas no centro e aos seus fillos/as.

### CUARTA. COMPATIBILIDADE

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

### QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación**, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias ata a data, e dos resultados obtidos.
- **Certificación** expedida polo órgano competente da Asociación de axuda ao enfermo mental "A Mariña", dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e, de ser o caso datas de pagamento.
- **Orixinais das facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do



pagamento. Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

▪ Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven **ingresos a conta do IRPF** ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.

▪ **Declaración responsable** doutras axudas ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

▪ **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

**A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de setembro de 2018 e o 15 de decembro de 2018, e deberá presentarse na Secretaría Xeral da Igualdade con data límite 17 de decembro de 2018.** Non obstante, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos á conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificados. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación.

## SEXTA- COMUNICACIÓNS E MEMORIA FINAL

Co obxecto de lograr a máxima eficacia no funcionamento do programa de apoio, aloxamento, manutención e atención integral ás mulleres con enfermidade mental, vítimas de violencia de xénero e as súas fillas e fillos, establecidos neste convenio, a Asociación de axuda ao enfermo mental “A Mariña” deberá remitirle á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, unha vez rematada a vixencia do convenio, e antes do 31 de xaneiro de 2019, unha memoria final de actuación na que se recollerán as experiencias do funcionamento, que incluírá: o número de prazas dispoñibles do centro, os datos das persoas usuarias segundo os criterios establecidos, as actividades realizadas, os medios



humanos e materiais empregados, ademais daqueles outros aspectos que a entidade considere salientables.

#### **SÉTIMA. OBRIGAS**

a) No desenvolvemento das actuacións sinaladas neste convenio a Asociación de axuda ao enfermo mental “A Mariña” non percibirá ningunha remuneración por parte das persoas usuarias destes programas, deberá facer constar en toda a publicidade ou presentación pública que se realice a colaboración técnica e financeira que presta a Secretaría Xeral da Igualdade, utilizando correctamente a identificación da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a denominación dos programas.

b) A Asociación de axuda ao enfermo mental “A Mariña”, deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

c) A Asociación de axuda ao enfermo mental “A Mariña” comprométese a empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente convenio, incluído a información en páxinas web.

d) A Asociación de axuda ao enfermo mental “A Mariña” deberá cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.

#### **OITAVA. VIXENCIA**

O presente convenio terá vixencia desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

#### **NOVENA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas ou profesionais dependentes do centro que vaian desenvolver as actividades e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Xunta de Galicia, e os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes.

#### **DÉCIMA. MODIFICACIÓN, REVOGACIÓN, E REINTEGRO**

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 32 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.



Ao abeiro do artigo 14.1n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

1. O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
2. Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte, procederase á súa inmediata disolución. Concorridos tales supostos reintegrárase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA. - RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO, SEGUIMENTO E CONTROL.**

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos do mesmo que poidan xurdir, créase unha comisión mixta, que estará integrada por:



- Pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: A secretaria xeral da Igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/ha funcionario/a desa Secretaría.
- Pola Asociación de axuda ao enfermo mental “A Mariña”: O presidente da Asociación ou persoa que dispoña para que o substitúa.

## DÉCIMA SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento dos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consejo de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas en canto ao tratamento de datos personais e a la libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Reglamento Xeral de protección de datos), a Asociación de axuda ao enfermo mental “A Mariña”, en calidade de encargada do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Secretaría xeral da Igualdade) en calidade de Responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio

## DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informarán na páxina web oficial da dita subscripción cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o



beneficiaria/o a favor da Administración concedinte, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE  
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS  
PÚBLICAS E XUSTIZA  
P.D. (Orde do 29 de decembro de 2017)  
A SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE



Susana López Abella

A DIRECTORA TÉCNICA XERAL  
DA ASOCIACIÓN DE AXUDA  
AO ENFERMO MENTAL DA  
MARIÑA



María José Novoa Rodríguez